

395


NOUTURNIO DE MEDO E MORTE

Teatro Galego :-: por Antón Vilar Ponte


REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 3299

Biblioteca



Edición NÓS. Rúa do Vilar 15. Santiago



TEATRO GALEGO

**NOUTURNIO
DE MEDO E MORTE**

BÁRBARA ANÉCDOTA REALISTA
EN DOUS TEMPOS

(SIN LITERATURA)

QUE PUIDO ANDAR NOS
ROMANCES DOS CEGOS

ESCRIBÍUNA:

Antón Vilar Ponte



"NÓS" - VOLUME LXXI - SANTIAGO



R48217

Nouturnio de medo e morte

P E R S O A S

MINGOS—FUCO—DON RAMONCIÑO
DOUS MOZOS, FILLOS DE MINGOS
UN ARRIEIRO QUE CANTA
AO LONXE

TEMPO PRIMEIRO

Interior d'unha taberna d'aldeia, do que arrinca unhu escaleira para o sobrado. Unha porta ô fondo. Xa de noite, Mingos, o taberneiro, home rexo de sesenta anos, â lus do quinqué remexe no caixón das vendas, apilando encol do mostrador unhas «cadelas» que conta. Na táboa d'aquel onde fican aínda unha xerra e dous ou tres vasos con pousos de viño, restos das libacións dos veciños que estiveron na taberna, hai frescas manchas do tinto que fan deseños curiosos, cecáis trazados pol-os dedos dos labregos

trasegadores do derradeiro neto ô jalaren entre grolo e grolo da laboura campesina co'a mesma sinxeleza conque trazaban noutrora nas adegas do Lacio os veteranos cantados por Tibulo o croquis do campamento.

As mestas somas noitébregas loitan co'a feble chama marela do quinqué para casi a esmorecer.

A fasquia do taberneiro, alongada e tremelante, esbara velatñamente pol-a parede; e as máns e a cara do home na zona da lus semellan as d'un avarento rústico concebido por un augafortista.

Óuvese o chincar das moedas como follalatas mouras do pandeiro do silenzo.

MINGOS

Devoltando os cartos ô caixón.

Cata que tal. ¡Qué porcallada! ¡Qué miserial! Imos do goio par'a lama. ¡Lévem'o demo se asín se pode seguir un mes máis! Hoxe en tod'o día nin trece reás de venda. Desque me morreu a parenta, dobre traballo, falla de cuidados, homes sôs tendo que nos valer para todo, e o choio a esmorecer. ¡E as débédas c'o amo da casa e das leiras en aumento! Xa nos ameazou c'o desaucio. Nas adegas non'os queren fialo viño. E os fillos, dous mozos barudos decatados do noso vivir serodio, sen poderen no mais do tempo ga-

nar un chico. (*Fechando o caixón con carraxe e saíndo de trás o mostrador*).

Fai poucos anos a nosa taberna era un ben d'El Señor; apenas se outra había na parroquia. Agora, todo se volve tabernas. Sei que n'hai casa sen ramallo de loureiro á porta. (*Pausa*). Xa tocaron ás ánemas na Eirexa e eu mais probe do que elas, coma elas ando en pena. (*Indo á porta*). ¡Qué tristura! Non ha ser peor a do cimiterio. Non se ouce nada e as raiolas do luar enchen todo de melanconía. Hastra os cás dormen. E a friaxe chantándosese nos hosos. (*Póndose a refregal-as mans e a se paseare pol-o ban*). Nunca eu viñera para a aldeia... (*Sigue a levar nos miolos unha mea de pensamentos, ata que chega de fora, do camiño escuro, rexo balbordo de pegadas que curtan o silencio e a soma d'un home alóngase na porta devanceira e lizgaira*). Xa non agardaba a ninguén.

FUCO DA ARNOIA

Entra nervoso e alporizado, c'unha manta de viaxeiro que lle pendura d'un hombro e unha caida na man.

¡Ei, da casal

MINGOS

Dubidoso, â esculci.

Pro, ti non es... ¿Ou vexo mal?

FUCO

Si, home, si, son Fuco da Arnoya, o mesmo... ¿Seique me non coñeces?

MINGOS

¿E non t'hei de coñecere, Fuco? Agora, si... Pro entraches tan de súpeto, mirando d'un xeito tan aqueloutrado...

FUCO

O que che pasaría a ti de te atopares no meu pelexo.

MINGOS

Pro logo pasouche algo? ¿Atopaste malado? Non parecez o de sempre, abofellas. Falas d'un xeito...

FUCO

É o xenio que me anda a rebulir nos nervos. ¡Ai Mingos, nunca cousa che me pasou com'a de hoxe! Non poido co'a carraxe. (*Pousando con brusquedade encol d'un tallo a manta e a caiada*). ¡Mala centella os comal

MINGOS

¿A quenes, Fuco? Tesme abraiado. Fervo así eu por sabere que che ocorreu...

FUCO

*En fero aceuo, pechan-
do os puños,*

Si eu soupera...

MINGOS

Fala pol-o que mais queiras, home. ¿Non fumos sempre bos amigos? ¿Ou non tes xa como decote confianza en min?

FUCO

Teño, Mingos, teño... Pero, agarda que xa me vou sosegando... Agora che contarei todo.

MINGOS

Para ouvilo estou... Decátate do meu interés.

FUCO

Déixame acougar un pouco. (*Séntase*).

MINGOS

Fitando curioso.

Xa ia para meses sin nos vere. Eu non saio d'este ichote serodio onde me ten en cadea a miseria, E ti, xa ora, daste pouco a vistas por estes camiños de pobreza. ¡Vaites, vaites c'o meu vello amigo Fuco!

FUCO

Estouche para festas com'o demo para vel-a crus.

MINGOS

Pois eu, Fuco, matinando en me botare a pedir esmola.

FUCO

Aspramente.

Outros prefiren botárense a roubar pol-os camiños.

MINGOS

¡Ora qué néspora che picou! Nunca com'a hoxe te vin. Falas d'un xeito que non é o teu de sempre.

FUCO

Docificando a voz.

Escoita, Mingos. Ha ser ben que me traías un anaco de pan, outro de queixo e unha cunca de riveiro.

MINGOS

Xesús de contadiño, home. E mira si qués ovos que hoxe inda os teño; ou un chourizo. Outra cousa non che hai.

FUCO

Que nunca haxa menos. Pro, despois de

cho agradecer, direiche que somentes me apetece o pan e o queixo e un grolo de viño.

Mingos pilla un molete de pan encetado e meio queixo do país e pónos encol da táboa acarón da que pousa Fuco. Logo volve c'unha cunca de viño.

FUCO

Sacando unha navalla da faixa talla un anaco de molete e outro de queixo, falando mentres xanta.

Porque és home da miña confianza quero pedirche casa coberta. De non teres inco-
menente dormirei eiqui hoxe.

MINGOS

¡Ai, ho, cata que milagre! Fólgame ben do que dis. Dasme abofé unha boa legría. Pois mira, chegaches a tempo: teño arranxado un leito no que adoita pasala noite cando ven por eiqui co'a sua recua o maragato da Freira; e non é leito miga ruin, inda que non seña com'o da tua casa.

FUCO

Para pasar ista noite abondaríame un feixe de palla de non haber outra cousa. Con tal de me ver tranquilo e seguro...

MINGOS

¡Xesús! ¿Seguro dis? Iso ben sabes que entre nós... ¡Deus o faga por millor! Por mal home nunca me tiven, nin coido que me teñas ti... Pro ¿queresme xa decir que cousa sería che pasou para falares como falas? Estou, así eu, que fervo por te ouvire, Fuco.

FUCO

Dame tanta carraxe como vergonza recordar o que me fixeron.

MINGOS

Conta, Fuquiño, por favor...

FUCO

Nunca tal me pasou, Mingos. E ben sabes que moito teño camiñado por estes lugares e que son home para calquer home. Vai un pra vello e deprende cousas novas. Ora ¿qué che parece?.. Asómbrate, ho. Díronme o alto, a min, a min, no recuncho da congostra do Outeiro, dous homes enmascarados como antroidos.

MINGOS

¡Nunca Deus me deral! ¿Ladróns n'ista parroquia? ¿Ti falas en serio Fuco?

FUCO

Serio e ben serio. ¡Cústache caro crêlol!

Tamén a min mo custaría se outro fose a decirmo a min.

MINGOS

Pro faceríano por te asustaren, para dar-che unha broma, se cadra. Eiquí ladróns nunca os houbo.

FUCO

¡Unha broma, Mingos! Boa broma poñérenme unha escopeta ô peito e un coitelo, despois de me amarraren os brazos c'unha corda. E logo de cachearme todol-os petos e de levárenme cantos cartos n'eles tiña.

MINGOS

Parvo me deixas, ho. Pro... leváronche moito?

FUCO

Canto me atoparon. Cincoenta pesos, entre billetes e prata. «¿Non levas máis? —perguntóume termando de desfigural-a voz o da escopeta.» «Podédelo ver, respondín eu, in-da que non daredes c'un chico máis.» «Entón, agarda eiquí un pouco sin te moveres —díxome o do coitelo— porque si botas a andar antes de que nós te avisemos, a escopeta gomitará pol-o cano ferro. d'abondo para che fural-a chola. Perdéronse na soma. Sintinnos fuxir. E d'aquela, con gran traba-

Ilo puiden desfacerme da corda. E eiquí me tés.

MINGOS

E non portabas arma ningunha...

FUCO

Ningunha. E inda que a portara, Mingos. sorprendido de súpeto, acometido pol-as costas, a defensa era pouco doada. Esta navalla e o pau ¿para que servían d'aquela? Pro bon foi o escarmento. Non me han pillar mais com'a hoxe. ¡Xuróo pol-o leite que mameil! Con todo, sorte tívena...

MINGOS

De que non te asesinaran.

FUCO

De que non me asesinaran e de que non desen con isto... (*Quitando o chapéu con xesto de satisfacción*). É un costume meu antigo, por algo son galego e desconfiado.

MINGOS

Non entendo que queres decir...

FUCO

Pois, mira... Son catro centos pesos que salvei... (*Sacando do coiro do chapéu uns billetes dobregados*). Sempre que me puño de viaxe con cartos, gárdóos eiquí. E os parvos non deron con eles...

MINGOS

Agora decátome da tua sorte. Foi boa que non chos ulisen. ¡Catro centos pesos!

FUCO

Si mos chegan a uliren os bocoies que vou mercar a Enfesta ben caros me sairían. (*Garda os cartos no chapeu*).

MINGOS

Con todo cincoenta pesos leváronchos.

FUCO

Leváronme os mil réas; pro non é, abofé, a perda d'eses cartos o que me fai adoecer... Vota un a conta de que fixo un mal negocio. O que me fai ferver de carraxe e a aución... o non podere darlles a aqueles rillotes o seu merecido. Si chego a descubrilos... Son home d'abondo para non consentir que me asoballen.

MINGOS

Tencionarás, ben sei, falarlle ós civiles. E canto mais antes, millor será.

FUCO

Â mañanciña heime chegar ó posto da parella. Mais dubido que ela consiga apañalos. Ora o parte hai que o dare. Por iso, Mingos, quixera ver si agora durmo ou descanso un pouco para que os nervos se amo-

lezan. E logo que naza o día a m'erguer e de camiño.

MINGOS

*Despóis de lle tragner
outra cunca de viño.*

¿Non qués máis nada?

FUCO

Bebendo.

Non, sô apetezo tumbarme no leito. O corpo pídemme acougo. Si me dis a onde vou...

MINGOS

Agora mesmo decireicho. Decátome de que cando un está enrabechado non ten humor pra nada. Agarda que pille unha vela... Non hemos d'ir as escuras ô sobrado. (*Vai ô mostrador e volta c'unha vela alcesa nun candieiro. Fuco, erguéndose, pilla a manta e a caiada despois de fechar a navalla que limpa n'unha chisca de pan, e dispónse a seguir o taberneiro*). Cando queiras, Fucuíño.

FUCO

Imos, xa. E disimula a molestia.

MINGOS

Co'a vela na má'n, rubindo as escaleiras.

¡A molestia! Sei que me amolas. Os ami-

gos son para servírense uns ós outros. Hoxe por tí, mañán por min.

FUCO

*Que vai após de Mingos
escomenzando a rubir.*

¿E os teus fillos que inda non che preguntei por eles?

MINGOS

E aló pol-a vila andan os probes buscando traballo. *Siguen a parolar. Fica a escea solitaria. Ven de lonxe unha cantiga de arrieiro e o tintileo das campaiñas dos mulos. Logo baixa Mingos paseniñamente as escadeiras. O mesmo tempo óvese o catríplinar d'un cabalo nas pedras do camiño que chega ata a mesma porta da taberna, e alí para, refolgando. Unha voz de home dí. «¡Xoo... besta!»; e logo: «¡Ai, Mingos!»*

MINGOS

¿Quén me chama?

A VOZ

Son eu, home, son eu. Ve acó.

MINGOS

Ai, o señor médico, don Ramonciño. Pro logo ¿seique non quer apeárese da besta?

A VOZ

Non, que xa é tarde; c'o conto de que hoxe

fai un luar guapo, demoreime d'abondo e vou á miña casa de presa. Se cadra algún enfermo percisa de min. E como faltei tod'o día...

MINGOS

D'aquela foi á vila.

DON RAMONCIÑO

*Que asoma a cabeza
pol a porta, dobregando o
busto encol do cabalo.*

Fun, home, fun. E na vila déronme un mandado para tí.

MINGOS

Un mandado para min... E si non é dos fillos, boa cousa non lle ha de ser.

DON RAMONCIÑO

Como para che gorentar non coido que o seña. Sei que xa te decatas ¿Non sí?

MINGOS

Decátome, señor, decátome e ben. Será a mesma encomenda que lle deron para min ó abade...

DON RAMONCIÑO

Unha encomenda engorrosa, abofé. Pro pidenlle a un por favor que a traia, e vel-ahí tes, un non pode negárese.

MINGOS

É cousa do fidalgo...

DON RAMONCIÑO

Do mesmo. Atopoume na rua e dixome: Home, Ramón, heiche agradecer que se vas para a aldeia chégueste hoxe ou mañan hastra a chouza do Mingos, se che non cadra millor chámalo ô teu despacho, para facerlle saber da miña parte que si continua sen me pagal-a metade da renda que me debe de dous anos da casa e das terras que lle teño alugadas, sin agardar mais levarei o conto ô Xusgado, pois xa lle concedín espera d'abondo.

MINGOS

Espera d'abondo, si. Él di ben. Pro para pagar fan falla cartos. E o negocio vai tan mal...

DON RAMONCIÑO

Ai, iso alá vós. Ben sei que non te vales ben e si eu puidera axudarche, xa sabes que che axudaría, Mingos, como teño axudado a outros en millores tempos. ¡Quieta, bestal O animal turra para a corte.

MINGOS

Ben'o sei ben que vostede é amigo da probeza.

DON RAMONCIÑO

Amigo da probeza, pero sen cartos.

MINGOS

Cáseque tódol-os bós son probes.

DON RAMONCIÑO

E máis tes razón... Pro, abur, abur, Mingos.

MINGOS

Xa que non é gostante de se apeare a mollal-a palleta, páseo ben.

DON RAMONCIÑO

Gracias, home, gracias... ¡Ata besta! *Os cascos do cabalo petan outra vez nas pedras do chán. Alónxanse axiña.*

MINGOS

Fechando a porta.

¡Que ll'eu pague ô Fidalgo! E ten razón. Pro ¿como ll'hei pagare? Teño máis débedas que dedos nas máns. Agárdame boa... Pedir pol-as portas unha esmola ou sair ôs camiños com'os que roubaron a Fucu. ¡Mali á miseria! *Óuvese de novo a cantiga do arrieiro que pouco a pouco se alonxa sin deixar de se escoitar ata que aparece o outro cadro(1).*

(1) De se levar ô teatro esta peza a cantiga do arrieiro, non habendo quen a cante podería sel-a d'un disco de gramófono, sempre que se interrumpa o disco antes de que chegue á parte coreada.

¡Cata que tall Hastra ese arrieiro da Arnoia que agora demorou na taberna do Sidro sigue camiño sin se lembrar como d'antes de vire eiqui. El canta satisfeito e eu bruo de carraxe. (*N'un salouco de desespero*). ¡Mala centella afunda a miña sorte ruínl... Si Fucó m'emprestara uns cartiños... Pro xa outras veces mos negou. E agora que o roubaron...

(*Indo ô mostrador pilla un farol que alende e logo apaga o quinqué*). Tomarei un bocado, mirarei do porco e despóis a dormire eu tamén, e o Señor me perdoe se non espertase máis. . .

Vaise c'o farol alceso pol-a porta do fondo; fica o teatro às escuras o tempo perciso para facela mutación súpeta.

10

TEMPO SEGUNDO

*Un coarto no sobrado da tabernu de Min-
gos, con fiestra que se abre para a chouza e
porta de saída á escaleira, A fiestra, falla
de contras, enche de crara foula de lúa as
láboas do sobrado.*

FUCO

*Tumbado no leito baixo
da manta, onde tamén
acocha o chapeu; a cha-
queta e o chaleque depen-
durados d'unha cadeira,
e os zapatos, acarón d'ela.
Co luar mesmo parece día*

E seique non poderei dormire miga. A sorpresa e mail-a rabia envenenáronme o sangue. Agás agora nunca ninguén me abasallou... Pro ¿a qué matinar mais sobre do conto? Auga pasada non avala muiño... A facer por dormire e mañán, si Deus o quere, será outro día ¡qué carafío! Non parece senón que nunca perdín mil reás. *(Acocha a cabeza baixo da manta. Trás unha curta*

*pausa ergue o busto de súpeto e fica â escoi-
ta*). Xa me parecía a min que petaran â porta
e que chegara xente. Falan en baixo. Pois
si son gostantes do rebumbio e lles da por
faceren festa entón si que nin soñar c'o
sono... Inda que coido que o Mingos non ha
permitire trouleos a estas horas, sabendo
como sabe do que me pasou... (Quenes se-
rán? ¿E eles serán amigos? Non sei porque
me tenta a curiosidade. *(Deixa o leito a mo-
diño e chega a orella â porta que entrabre)*.
Algo lles di Mingos pol o baixo... Mesmo pa-
rece que terman de que ninguén se deproca-
te do que parolan... Dicialles, se cadra,¹ que
estou eu eiquí e que non berren, se non lles
conta o meu conto. A cousa é natural. Pro
¿porqué penso que n'ese parolar baixiño hai
un aquel de misterio? Bo, os condanidos¹ dos
nervos que se me puñeron de punta traba-
llan d'abondo. Fuco, ô leito e déixate de
lerias. *(Fai mentes de pechal-a porta, mais
volta a abrila de súpeto, con fondo desacou-
go)* ¡Esa fala que agora ouvín!.. ¿E estoutra?
Ah, conézoa... conézoa. ¡Cala! E non lem-
bran as dos que me sairon ô camiño? ¿Ouvir-
ría mal? A nervosidade trabúcame cecais.
Teño que escoitar millor. *(Túmbase no chan
a modiño co'a cabeza para a porta entraber-
ta)*. Dam'o corazón que son os mesmos. Si...
si... ¡os mesmos! Pero ¿eu soño? Non soño,
non... ¡Deus me vala! E chámanlle mi padre

a Mingos. Son os seus fillos, dous desesperados que non atoparon traballo... Agora non hai dúbida. ¡Onde caín Virxe santa! Cala, volta a lles falar baixiño Mingos. Contarálles dos cartos que escendin no chapeu. Nunca da língua me eu fora. Ben parvo fun. ¿Non sabía que non hai millor verba que a que se non ceiba? Semella que disputan... Sei que estou perdido. Pro ¿Mingos sería capaz?.. A necesidade é o demo. Este silencio da noite na soedade da aldea énceme de medo; é peor que un puñal.

(Érguese con moito tento, as máns trementes, a vos ronca, os ollos como lóstregos).

Pro ¿non serán os nervos, estes nervos condanidos os que me fan matinar cousas que non son? E pode ser, mais a dúbida xa rila en min com'a trilla na madeira e xa o acougo non se fai posibel... ¿E se fose certo? *(Volta á porta receioso)*. O corazón ás veces é com'a galiña que venta ó raposo. Gálgame no peito sospeitando perigo, Ninguén fala. A lus sigue acesa embaixo. Unha botella topa no vidro de vasos. É que beben bebida branca. Agora abren unha porta. Chocaron ferros. Voltan a falaren baixiño. ¡O'que inferno de noitel! ¡Mali-ã hora que puxen os pes fora da miña casa! Non sei que facer. Baixaría de boa gana, pro si son os d'embaixo os que me roubaron, se cadra asesínanme. ¿E fuxir por eiquí? *(Indo a fenestra)*. Caería na

horta. O salto é doado, pro sentiríanme...
¿E si argallase un atadelo co'as sabáns do
leito? Vou tentar esto. Paréceme o millor.
Pro... ¿Qué vexo? (*Descomposto, alucando
con disimulo pol-os vidros da fenestra c'un
ollo sô en procura de ocultar o corpo e o máis
posíbel da cara*). ¡Xa é tardel! Un mozo c'un
farol e un sacho vai pol a horta. Non sei que
esculca. Ollou para eiquí. Farei que me non
vexa. Agora segue camiñando. (*Voltando a
escoitar na porta*). A taberna áchase en si-
lenzo. ¿Baixarei a modiño a m'escondere
n'un recuncho si é que non poido fuxir? (*De
presa pónse a chaqueta e o chaleque, e cala
o chapeu na cabeza, despois de sacar d'él
os billetes e metelos n-un zapatón que calza
como calza logo o outro*). Inda que os metera
eiquí si me pillan darán con eles. Agora,
abaixo... (*Fai mentes de sair e recúa de
súpeto*). ¡Xente na taberna! Non teño salva-
ción. Vixían as saídas. ¡Naiciña que me pa-
riches! ¿Eu qué farei para me salvare? (*Ouve
sachar na horta, e chégase á fenestra enco-
llido, paseniñamente*). Penduraron o farol
d'unha arbre. Son dous a sacharen n'un re-
cuncho da leira. (*Alporizado de terror*).
Abren unha cova. Falan baixiño; fan acenos
estranos... Xa me decato: unha cova para
enterrar n'ela o meu corpo despois de m'ase-
sinaren. ¡Seino todo! ¡Valeime, Virxe santa!
(*Leva as mans á cabeza, chaveando c'o me-*

do, a saloucar con debles saloucos chorosos). E eu sin ningunha arma para me defendere. Soliño contra todo... ¿Qué faigo, qué faría?.. Estralanme as sens. O corazón afógame... O reo na capela non sufrirá mais do que eu sofro. ¡Ah! Agora ocurréuseme... E non vexo outro camiño... Non, non'o hai. A me dar presa. ¡Valor, Fucol (*Vai ô leito a modiño, e co'a súa manta un cabezal e outras prendas de roupa argalla com'un bulto de persoa que envolve na chaqueta pón-dolle o chapeu por remate. Todo con grande rapidez nervosa. Chegan craros da horta os golpes de sacho na terra. Saca a navalla da faixa, ábrea e con ela empuñada ocúltase ergueito, como si quixera esvairse no ángulo que forman a porta pechada e a parede. As raiolas de lúa peneiradas pol-a fenestra teñen ás veces escentileios de folla de puñal*). Non sinto nada pol-a banda da taberna. Pro os sachazos que dan na horta inda siguen por veces e resoan dentro de min. ¿Ora faceríame pensar mal o medo? (*Despois d'unha pausa volve a escoitar na escaleira e logo torna a outra esculca na fenestra*). A lus do farol, coma un vagalume na noite de luar vese aló no mouro recuncho da leira. Os dous homes cos sachos que mais que homes semellan sombras, entr'as sombras das árbores, agora acougan e seique faldan entr'eles. Xa deixaron de falar. Parece

que están á escoita pol-o que mostra a quietude das sombras dos seus corpos no chan. Miraron para eiquí. Coido que agardan algo... ¿Qué agardarán? (*Pausa breve que corta un asobío ceibado mesmo baixo da fenestra*). ¿Ese asobío? ¡Foi un asobío! A sinal, ben sei; a cova xa estará rematada, e agora... (*Voltando á posición d'antes no ángulo da porta e a parede*). Pegadas na taberna... E rubirán de contado. ¡Deus m'axude! Seique ruben xa... Non ouzo. O medo áiseme virolos nos ouvidos. Ah! si... si... ruben, ruben a momodiño as escaleiras. ¿Cantos? ¡Miña nai, miña naiciña da i-alma! E o momento. Teño a vida n'un fio. Chegan... Quero coutar o alento. E este corazón, este corazón abáfame, traicióname, vaime delatare cos seus fortes latexos que se escoitan no silencio. Non poido mais. Perciso berrar. E si berro, probe de mín...

MINGOS

Desde fora empurrando a porta entornada paseñamente e alongando a cabeza alucante nas tebras do ban.

Deixou aberto. Non sospeita. ¡Fucó, aí Fucó! (*En voz baixa para tentar se dorme*). Ti dormes ou non? Está seique dormido. Dorme coma un santo. Millor. Coido vel-o

bulto do seu corpo no leito. (*Avanza c'un gran coitelo na man, ás palpadelas, todo na punta dos pés espidos, co'a súa sombra devanceira com'un pautasma negro alongándose na claridade do luar*) ¡Mala centella! Unha condanida d'unha táboa renxeu... i-é que as pernas non me rexen ben. ¡Casi tremo! Os dentes chaveánme. Os cabelos fánseme d'aramio. Levo a pucha ben cinguida na cabeza e mesmo parece que me vai a fuxir. ¡E serei tan cobarde! ¡A él! Agora é a miña. ¡Sin máis o pensares, ¡Mingos! ¡Xa! *D'un pulo chega ó leito e erguendo o coitelo chántao varias veces no bulto que supón o do corpo que busca. Fuco, com'un lóstrego de sombra, n'ua chouto de fera acorralada bótase encol do taberneiro, saíndo de trás a porta, tolo de xenreira e medo, tallándolle o pescozo co'a faca e apreixándollo logo coas máns pol-as que lle escorre o sangue a feito.*

MINGOS

*Que tenta volvérese a él,
alporizado pol-a sorpresa
e a doore n'un berro mortal,
que logo faise estertor
agónico.*

¡Quen!.. ¡Ail!.. ¡Ouul!.. ¡Oool!..

FUCO

¡Eu que te matei, ladrón, antes de que ti

me asesinaras a mín. (*O corpo de Mingos que se dobregou no canto do leito cai ô chau com'un pelele cand'o ceiba Fuco*). Agora a fuxire se poido. (*Co'a navalla na man diríxese â escaleira. A súa fasquia tráxica desaparece na boca de somas do marco da porta. Fica o ban solitario. A lus da lua non pode alumear ndiamente o corpo morto que amortalla a sombra do leito*).

UNHA VOZ

Baixiño na escaleira, ô pouco tempo:

¡Mi padre! ¡Mi padre!

A MESMA VOZ

Mais perto:

¡Mi padre!

O MOZO

Cuia era a voz dend'a porta â esculca:

¡Meu pai! E non da sona. Pois alí no chan, acarón do leito, un corpo áchase derrubado. (*Avanza e tópallo c'o pé*). Morto semella. E meu pai baixaría a nos avisare... Pro non'o vin... E o asubio de sinal fai pouco que o deu... Alcenderei un misto. (*Desque o alcende co'a man a tremar, n'un berro de sorpresa e terror*) ¡Oul! ¡Que vexo! El... mi

padrel, ¡mi padrel! ¡Meu pai é o morto! Matouno o outro. (*Fitando con medo o seu redor.*) ¿Estará eiquí? (*Corre a fenestra que abre de súpeto.*) ¡Meu irmán! ¡De presa, acode, corre... ¡Meu irmán!

(*Síntense pegadas na horta, logo embaixo na taberna, seguidamente nas escaleiras.*)

O OUTRO FILLO DE MINGOS

Tamén mozo, chega sin folgos de tanto correr, c'os brazos arremangados cheios de terra, un sachó n'unha man e o faíol n'outra.

¿Qué queres? Esa maneira de me chamares... (*Vendo o cadavre de Mingos, n'un charco de sangue.*) ¡Meu pai! ¡O noso paiciño! ¡Morto! ¡Apuñalado!

MOZO PRIMEIRO

Cata pr'alí. (*Siñalando o leito.*) Por parvos nos perdemos. Coidamos que o outro non se decataría... X'o ves. Soupo máis que nós.

MOZO SEGUNDO

(*Saloucando.*)


Cegounos a cobiza.


MOZO SEGUNDO

*Bolándolle os brazos ó
irmán.*

Estamos perdidos... ¡Meu irmanciño! ¡Meu
irmanciño!

PANO SÚPETO









Rematouse de imprentar
en NÓS o 21 de Maio
de 1935







1935

80 céntimos